




Concello de
Melide

UNIVERSO DIVERSO MELIDE.

Universo Diverso é un programa de autonomía , lecer e tempo libre especializado e dirixido a aquelas persoas que non teñen acceso a un lecer independente debido a unha diversidade funcional que repercute na súa autonomía persoal, limitándoa. Ofrecer alternativas de diversión , aprendizaxe e integración social a este colectivo, procurando actividades significativas para persoas e fomentando así a súa participación nas mesmas. Ademais do goce persoal , festivo e de integración das actividades, busca tamén un enfoque terapéutico e socio educativo. Para elo utilizara o lecer como canalizador do desenvolvemento de capacidades ou aspectos relacionados coa diversidade , tanto a nivel físico, psíquico como sensorial, mediante a combinación de diferentes actividades culturais, sociais, deportivas etc dun xeito diferente e divertido. O programa desenvolverá un abordaxe integral sobre o conxunto dos elementos que constitúen a ocupación , a través das areas sensitivo motriz e psicosocial .

XUSTIFICACIÓN.

Os motivos polos que se propón a realización do programa Universo Diverso responde a escasa ou nula oferta de ocio e tempo libre destinada as persoas con diversidade funcional.

O tipo de persoa usuaria deste tipo de servizos serán persoas cunha diversidade funcional ,persoas integradas nun ritmo de vida totalmente rutinario. Polo tanto podemos sinalar que o fin principal e ultimo é o de promover un servizo de ocio inclusivo e de calidade a través do deseño dun un programa de actividades denominado Universo Diverso.

ENTIDADE RESPONSABLE.

O responsable do programa Universo Diverso, é o Concello de Melide, e máis concretamente a través da súa concellería de Política Social, Igualdade e Saúde.

O programa Universo Diverso levarase a cabo no edificio Multiusos do Concello de Melide (Praza das Universidades s/n) así como, esporadicamente se poderán empregar outras instalacións do propio concello de Melide ou trasladar as actividades a distintos espazos fora e dentro do noso concello.

DESTINATARIOS/AS

Universo Diverso terá unha capacidade máxima de 15 participantes.

Os requisitos para poder participar no programa Universo Diverso serán :

- Estar empadroadado no Concello de Melide (preferentemente) ou noutro concello galego.
- Posuír o certificado oficial de persoa con discapacidade da Xunta de Galicia.
- Padecer unha diversidade funcional nun grado de leve ou moderado.
- Ter capacidade de integración nun grupo e que as súa diversidade funcional lle permitan participar e beneficiarse das actividades que e van a realizar no programa Universo Diverso

Para poder participar en dito programa a información e solicitude debe realizarse na aula situada no edificio multiusos para a realización de dito programa , a matrícula de inscrición estará aberta durante os meses nos que se leven acabo as actividades do programa universo diverso.

Para inscribirse deberase de entregar a ficha de inscrición cumprimentada (ver anexo I)

Dito programa é totalmente gratuíto para todas as persoas participantes.

OBXECTIVOS XERAIS E OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

OBXECTIVO XERAL .

Fomentar a utilización do tempo libre das persas con diversidade funcional , mediante un programa orientado a promover unha alternativa de lecer e favorecer a autonomía persoal e social das persoas con diversidade funcional do Concello de Melide, mediante unha abordaxe integral a través da áreas sensitivo motriz e psicosocial.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

- Impulsar a diversión e o desfrute do tempo libre dos usuarios/as
- Favorecer e potenciar actividades de autoxestión e elección propia, canalizando as súas inquietudes e asesorando e orientando para que se leven a cabo.
- Facilitar a comunicación e a comprensión entre os usuarios/as a hora de organizar actividades e plans conxuntos.
- Motivar e sensibilizar as persoas sobre os beneficios que proporcionan as actividades que se plantexan.
- Potenciar a responsabilidade , a autonomía persoal e social, así como todas aquelas habilidade sociais que favorezan unha axeitada integración social no tempo de ocio.
- Facilitar a participación en recursos comunitarios a través do ocio e o tempo libre , facilitando os apoios e ferramentas precisas para cada usuario ou usuaria.

ACTIVIDADES E METODOLOXÍA.

A continuación descríbense brevemente os servizos e actividades que se engloban neste programa e que se desenrolan para a consecución dos obxectivos anteriormente nomeados.

- Actividades de atención individual as persoas con diversidade funcional que precisan apoio e estimulación nos seguintes aspectos: motricidade fina, desenvolvemento da atención-concentración, lectoescritura, habilidade sociais.
- Talleres de actividade física onde se favorecen procesos de mellora das alteracións ou déficits que se detecte a nivel neuromotor e a nivel sensorial ou de coordinación.
- Taller de habilidades sociais onde se realizan actividades para fomentar unha convivencia positiva e aprender a relacionarse axeitadamente, resolver situacións conflitivas, respectar as ideas dos demais
- Taller de hábitos saudables e de hixiene onde se fomentará a práctica de hábitos saudables en relación con dietas equilibradas, exercicio físico , consumo de tabaco e alcohol como medidas de promoción da saúde
- Taller de música onde a música mediante o seu compoñente lúdico , emocional e creativo axudará a potenciar aspectos pedagóxicos e sociais.
- Saídas terapéuticas traballarase a autonomía no ocio e no tempo libre, desenvolvemento habilidades sociais e fomentando a integración, no proceso de incentivar a súa autonomía realizaranse saídas fora do noso concello e realizaranse encontros con outros sectores da poboación.
- Intercambios e colaboracións con entidades do terceiro sector

A metodoloxía que se desenrolará no programa Universo Diverso será a seguinte:

- Participativa : tanto dos propios usuarios e usuarias do programa Universo Diverso como dos seus familiares, así como dos diferentes profesionais implicados
- Personalizada: as diferentes actividades adaptanse as necesidades de cada unha das persoas usuarias do programa Universo Diverso.
- Respectuosa cos procesos e corresponsable cada persoa decide canto e como quere comprometerse nos diferentes procesos segundo o nivel de autonomía e o seu propio traballo individual .
- Inclusiva todos e todas teñen cabida no programa Universo Diverso

TEMPORALIZACIÓN

O programa Universo Diverso desenrolase durante 11 meses o ano , nun horario de 9.00 a 13.30 horas de luns a venres

Como norma xeral, a actividade non se realizará durante 1 mes o ano coincidindo co período vacacional da persoa responsable da realización do programa Universo Diverso , así como, permanecerá pechado nas datas de Nadal, Semana Santa e Entroido.

AVALIACIÓN

Anualmente, e coincidindo co remate das actividades do programa Universo Diverso , pasarase unha enquisa de avaliación do proceso global do programa. Para iso serán os propios usuarios e usuarias do programa , así como as súas familias as que valoraran aspectos como : a adecuación das actividades realizadas, a satisfacción das actividades realizadas, a proposta de posibles novas actividades, proposta de aspectos a mellorar , e os aspectos negativos e positivos do programa entre outros.

Os integrantes do equipo profesional que participan activamente no programa Universo Diverso (tanto a profesional de referencia diaria como todos aqueles posibles profesionais que participaron de algún xeito no programa) estes analizaran aspectos como avaliacións de actividades, proposta de mellora, canles de comunicación entre outros .

RECURSOS MATERIAIS TÉCNICOS, HUMANOS E FINANCIEROS

Para levar a cabo o programa Universo Diverso imos ter que ter unha serie de recursos tanto materiais como humanos que a continuación enumeramos:

Recursos materiais :

- Varias aulas do centro multiusos do Concello de Melide.
- Ordenadores, tablets, pantalla eléctrica e proxector audiovisual
- Material deportivo
- Material musical
- Material Funxible (folios, block , bolígrafos, pinturas etc)
- Material de refugallo .
- Recursos materiais externos o multiusos pero pertencentes o Concello de Melide
- Todo aquel material que sexa preciso para a realización das diferentes actividades que se realizaran no programa Universo Diverso .

Recursos humanos:

- Unha mestra que será a persoa coordinadora e de referencia do programa Universo Diverso

- Unha traballadora social como persoal de apoio se fose preciso no asesoramento e realización de determinadas actividades
- Unha educadora social como persoal de apoio se fose preciso no asesoramento e realización de determinadas actividades.
- Diferentes especialistas: monitor de actividades físicas, músico profesional etc e todo aquel profesional preciso para levar a cabo as actividades.

FINANCIAMENTO

O financiamento do programa Universo Diverso irá a cargo da aplicación orzamentaria destinada a tal fin nos presupostos anuais de cada exercicio orzamentario do Concello de Melide.

ANEXOS

ANEXO I : FOLLA DE INSCRICIÓN

SOLICITUDE DO PROGRAMA UNIVERSO DIVERSO

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

1 ° APELIDO: _____ 2° APELIDO: _____

NOME: _____ DNI/NIE: _____

ENDEREZO: _____

C.P.: _____ PARROQUIA: _____

MUNICIPIO: _____ PROVINCIA: _____

SEXO: Home Muller DATA DE NACEMENTO: ____/____/____

TELÉFONO/S: _____

GRADO DE DIVERSIDADE FUNCIONAL _____

2. DATOS DA PERSOA DE CONTACTO

	Nome e apelidos	Parentesco	Enderezo	Teléfono
1				
2				

3. OBSERVACIÓNS

ANEXO II : AUTORIZACION USO DE DATOS

AUTORIZACION USO DE DATOS

Nome usuario/a : _____ DNI _____

Don/Dona _____ con DNI _____
en calidade de pai/nai/titor/titora autorizo o Concello de Melide para que poidan
realizar reportaxes fotográficas ou de vide, en papel ou dixitais , nos que se inclúan
instantáneas do usuario/a do programa UNIVERSO Diverso indicado anteriormente
tendo en cona que dito traballo poderá desembocar en diferentes publicacións en
redes sociais

Autorizo ☐

Non autorizo ☐

Así mesmo autorizo a poder participar nas actividades e saídas que se realicen no
termo municipal de Melide e arredores no curso 2020-2021

Autorizo ☐

Non autorizo ☐

Sinatura :

Melide, _____ de _____ 2020